

Monumento Natural As Catedrais

Perfil do Visitante

galicia



galicia

- O Estudo de Perfil do Visitante no Monumento Natural “As Catedrais” ten como obxectivo principal medir e coñecer as principais características da visita ao espazo natural a partir da análise do perfil e comportamento dos visitantes.
- En particular, o estudo céntrase na análise de dous aspectos fundamentais: o “uso turístico” do espazo natural As Catedrais -analizando desta maneira o perfil, motivacións e comportamento dos visitantes-, e a “dimensión turística” do espazo, isto é, coñecer o papel que xoga a visita ás Catedrais dentro dunha viaxe máis extensa á Mariña Lucense e a Galicia, analizar a súa relevancia como factor de atracción turística na nosa comunidade.
- Desde o punto de vista metodolóxico o estudo contempla a posta en marcha de tres liñas de traballo: conteo de visitantes, observacións de casos e enquisa de perfil do visitante. Neste informe abórdanse os resultados desta terceira liña.
- O contidos da enquisa concrétnanse a partir do cuestionario da mesma. Contempla unha batería de preguntas agrupadas en cinco grandes bloques de información: procedencia e perfil sociodemográfico, características da visita ás Catedrais, características da viaxe global, gasto realizado e nivel de satisfacción.
- O estudo realizouse no ano 2015 coincidindo coa posta en marcha das primeiras medidas de control das visitas á praia das Catedrais.


Poboación obxectivo:	Visitantes do Monumento Natural “Prais das Catedrais”
Tamaño da mostra:	1.250 enquisas en total, repartidas en semanas alternas representativas de cada período
Tipo de mostra:	Aleatoria sistemática, cun reparto afixado entre semana e fin de semana
Lugar de toma de datos:	Nos puntos de acceso ao complexo, e no momento da saída -ao remate da visita-.
Frecuencia de toma de datos:	Enquisa de carácter mensual –de xuño a outubro- e Semana Santa, con toma de datos nunha semana determinada –en función do reparto proporcional estipulado no deseño da mostra-. Estableceuse un promedio de 30 enquisas/día entre semana e 50/día na fin de semana.
Datas de realización	En Semana Santa e de xuño a outubro de 2015

Para o reparto da mostra tivéronse en conta diversas circunstancias que poderían condicionar os resultados finais. Coa fin de poder detectar posibles diferenzas de perfís e comportamento dos visitantes distribuíuse a mostra ao longo do ano en diferentes períodos: a Semana Santa –co 20% da mostra- a temporada media –que colle os meses de xuño, setembro e outubro- e a temporada alta –meses de xullo e agosto-.

O maior volume de enquisas correspóndese co verán –período no que se realizaron máis do 50% do total, cun reparto practicamente equivalente entre xullo e agosto-.

Unha cuarta parte das enquisas realizáronse en temporada media.

Reparto da mostra por meses




A visita á praia das Catedrais está moi condicionada polas mareas. Polas características do entorno só é posible baixar á praia e acceder aos arcos en marea baixa e por un período máximo de 3-4 horas –en función do día-. Tendo en conta esta circunstancia no reparto temporal da mostra buscáronse días de diferentes características en función do momento da marea baixa, alternando días coa marea baixa a primeira hora da mañá, a mediodía, a media tarde e incluso a última hora da tarde.

Á marxe diso, nos días seleccionados distribuíronse as enquisas en diferentes tramos horarios buscando ter unha parte no momento da marea baixa e outra parte coa marea alta.

O resultado final amosa que boa parte das enquisas realizáronse na mañá –un 45% antes das 13:00 horas-. O 55% das enquisas realizáronse entre as 11:00 e as 14:00 horas mentres que o 41% desenvolvéronse a partir das 14:00 horas.

Reparto da mostra por franxa horaria



- A análise dos resultados segue a grandes trazos o esquema marcado polo cuestionario. Distínguense neste sentido seis bloques de información cada un dos cales atende a un obxectivo concreto:
 - Procedencia
 - Características da visita ás Catedrais
 - Características da viaxe
 - Gasto realizado
 - Valoración e nivel de satisfacción
 - Perfil sociodemográfico
- Logo dunha primeira análise global dos resultados ofrécese nalgún casos, de forma complementaria, unha análise desagregada por algunha das variables de referencia. Desta maneira téntase detallar o estudo do perfil e comportamento do visitante buscando diferenzas en función da procedencia, do perfil sociodemográfico, do momento no que se realiza a visita, do contexto no que realiza a visita ás Catedrais ou das características da viaxe.

ESQUEMA DE ANÁLISE

PROCEDENCIA

CARACTERÍSTICAS DA VISITA ÁS CATEDRAIS

CARACTERÍSTICAS DA VIAXE

GASTO REALIZADO

VALORACIÓN E NIVEL DE SATISFACCIÓN

PERFIL SOCIODEMOGRÁFICO

ESQUEMA DE ANÁLISE

PROCEDENCIA

CARACTERÍSTICAS DA VISITA ÁS CATEDRAIS

CARACTERÍSTICAS DA VIAXE


GASTO REALIZADO

VALORACIÓN E NIVEL DE SATISFACCIÓN

PERFIL SOCIODEMOGRÁFICO

A visita ao conxunto natural As Catedrais ten unha clara compoñente nacional desde o punto de vista da procedencia dos visitantes. Neste sentido, e tal como se pode observar no gráfico, o 96% dos visitantes son españois, cifra que engloba tanto a aqueles que residen en Galicia –o 22,7% do total- como aos que proceden do conxunto do Estado –segmento maioritario e de notable peso pois representa o 73,5% do total-. Apenas un 4% dos visitantes son estranxeiros. O peso dos españois residentes fóra de Galicia ascende ao máis do 80% do total para aqueles que visitan por vez primeira o espazo natural neste ano. Descende en cambio ao 58% do total dentro do segmento que repite visita –aquí obsérvase un maior volume de residentes na nosa comunidade-.


Procedencia dos visitantes segundo os tres grandes segmentos de mercado




PROCEDENCIA – Mercado interno

Os visitantes residentes en Galicia proveñen na maior parte dos casos de lugares localizados nas provincias de A Coruña –o 38% do total dos galegos- e de Pontevedra –o 30% neste caso-. Un 20% ten orixe nalgunha localidade da propia provincia de Lugo mentres que o 12% procede da provincia de Ourense. Observando con algo máis de detalle detéctase que os lugares de orixe dos galegos son na súa maior parte as cidades da comunidade. Un 71% dos mesmos reside nalgunha das sete cidades de Galicia –entre as que destacan A Coruña e Vigo aínda que tamén hai un volume importante de Lugo e Pontevedra-. O 29% reside en diferentes concellos fóra do ámbito das cidades sendo moi ampla a variedade de orixe. Apenas o 6% dos visitantes galegos son residentes na propia Mariña Lucense.

Procedencia dos visitantes residentes en Galicia, por provincias



Procedencia dos visitantes residentes en Galicia, por tipo de orixe




PROCEDENCIA – Receptor Nacional

Madrid é o principal lugar de procedencia dos visitantes residentes no conxunto do Estado. Representa neste caso o 28% do total receptor nacional. Sitúase, por tanto, como principal mercado de orixe fronte ás restantes comunidades autónomas entre as que destacan, por esta orde, Castela e León –co 14% do total nacional-, Cataluña –co 11,5%-, Euskadi –co 10%- e Asturias –co 8% neste caso-. Son todas porcentaxes referidas ao conxunto do total nacional.

O ranking das principais Comunidades Autónomas de orixe aseméllase bastante ao que recibe o conxunto de Galicia como destino turístico, coa particularidade de que neste caso adquiren máis importancia aquelas comunidades localizadas no norte peninsular e as de maior proximidade –Castela e León, Asturias ou Euskadi neste caso-.


Procedencia dos visitantes españois residentes fóra de Galicia. Principais CC.AA. de orixe



MERCADOS TURÍSTICOS

RESID.
GALICIA

ESPAÑÓIS




MERCADOS TURÍSTICOS

- Cunha perspectiva global e tendo en conta o volume total de visitantes, o mercado interno –correspondente aos residentes en Galicia- representa o 22,7% do total, sendo A Coruña e Pontevedra as provincias que maior peso teñen dentro da comunidade –co 8,6% e 6,8% do total dos visitantes-.
- Unha quinta parte dos visitantes son residentes na comunidade de Madrid, principal mercado emisor a nivel nacional. Destacan a continuación Castela e León –co 10,2% do total de visitantes-, Cataluña –co 8,5%-, o País Vasco –co 7,2%- e Asturias –co 5,8% neste caso-. Son todos eles mercados localizados no norte peninsular entre os que se inclúen aqueles de maior proximidade.
- Xa a certa distancia outros mercados tamén destacados no espazo natural son Andalucía –co 5,1% do total- e a C. Valenciana –co 4,6% neste caso-. Son mercados distantes que habitualmente se sitúan entre os principais dentro da nosa comunidade autónoma.
- En síntese, obsérvase un forte peso do mercado nacional, singularmente aquel que procede do conxunto do Estado, no espazo natural de As Catedrais.
- Neste senso, o turismo internacional ten moi pouca presenza pois supón o 2,7% do total dos visitantes. Francia, Italia e Suíza aparecen como os principais países de procedencia se ben o abano neste caso é importante.

O perfil do visitante segundo a procedencia varía un pouco en función da temporada. Sendo sempre maioritario o segmento dos españois residentes fóra de Galicia o seu peso varía nos diferentes momentos do ano –supón o 61% do total en Semana Santa, o 68% en temporada media e o 80% no período estival-. En paralelo obsérvase que o peso dos galegos varía en sentido inverso sendo maior en Semana Santa –representa neste período o 38% do total dos visitantes- e menor no verán –cando apenas chega ao 15% do total-. Os estranxeiros visitan as Catedrais principalmente no verán. Apenas teñen presenza en Semana Santa.

Procedencia dos visitantes, segundo a temporada



ESQUEMA DE ANÁLISE

PROCEDENCIA

CARACTERÍSTICAS DA VISITA ÁS CATEDRAIS

CARACTERÍSTICAS DA VIAXE

GASTO REALIZADO

VALORACIÓN E NIVEL DE SATISFACCIÓN

PERFIL SOCIODEMOGRÁFICO


MOTIVOS DA VISITA

Dentro das características da visita ao espazo natural unha primeira cuestión ten que ver cos motivos da mesma. Con carácter xeral a maioría dos visitantes –o 57% en particular- amosa interese por coñecer o conxunto do espazo natural, sen destacar algún elemento en concreto. O 21% destaca, en cambio, aspectos máis específicos como coñecer a praia e os arcos. En síntese, por tanto, preto do 80% dos visitantes sinalan motivos relacionados co entorno natural e coa paisaxe, isto é, coñecer o conxunto do monumento natural.

Un 16% visita a zona nun contexto máis aberto, buscando pasar o día coa parella, familia ou amigos –inclúe algúns casos nos que afirman achegarse ao espazo simplemente como acompañantes de familiares, para mostrar a zona-.

Un volume menor, o 3% neste caso, achégase co único motivo de dar un paseo pola zona.

Motivos da visita ao espazo natural



MOTIVOS DA VISITA

Coñecer o conxunto do espazo natural é o principal motivo da visita para os tres grandes segmentos de mercado se ben a importancia do mesmo difire levemente. Se engadimos as dúas opcións relacionadas coas características físicas e estéticas do espazo –coñecer o conxunto e visitar a praia e os arcos- a porcentaxe cambia en función do mercado de referencia. Esta opción agregada é sinalada por un 58% dos galegos, por un 85% dos españois residentes fóra de Galicia e por un 81% dos estranxeiros.

No caso dos galegos os motivos están, por tanto, máis diluídos tendo certa importancia outras alternativas como “Pasar o día coa familia/amigos” –opción sinalada por un 30,4% do total-.

Nos outros dous mercados o motivo claro é ver e coñecer a praia, os arcos e o conxunto do espazo natural.

Galicia

43,8% Coñecer espazo natural
30,4% Pasar o día
13,8% Visitar praia e arcos

Resto España

60,7% Coñecer espazo natural
24,0% Visitar praia e arcos
12,1% Pasar o día

Estranxeiro


68,3% Coñecer espazo natural
12,4% Visitar praia e arcos
9,4% Pasar o día

FRECUENCIA DA VISITA

A maior parte dos entrevistados visita o espazo natural por vez primeira neste ano. Así o manifesta o 69% do total. Un 30% repite visita nesta ocasión con diferenzas na frecuencia da mesma. Neste caso un 14% xa estivera nunha ou dúas ocasións anteriormente, un 10% entre 3 e 5 veces e un 6% máis de cinco veces con anterioridade.

A frecuencia da visita está moi relacionada co lugar de residencia e a proximidade ao conxunto monumental. Neste caso son os galegos os que presentan un grao de repetición da visita máis elevado –un 54% xa estivera nalguna ocasión anteriormente- mentres que os residentes en España e os estranxeiros amosan unha frecuencia máis baixa –o 75% dos primeiros e o 70% dos segundos visita por vez primeira este espazo neste ano-.

Frecuencia da visita ao espazo natural



■ Primeira visita

■ Estivo entre 6-10 veces

■ Estivo entre 1-2 veces

■ Estivo máis 10 veces

■ Estivo entre 3-5 veces

■ Estivo pero non sabe cantas

COÑECEMENTO PREVIO

A recomendación de familiares e/ou amigos é a opción máis destacada como medio de coñecemento do conxunto natural, isto é, o comentario e a recomendación de terceiras persoas co boca-orella é a principal vía pola cal os visitantes teñen coñecemento das Catedrais –así o manifestan o 43% dos mesmos-.

Un 24% sinala, en cambio, que coñece o espazo “de toda a vida” sen destacar un medio ou vía concreta. Esta opción é máis propia de visitantes que residen en lugares próximos: Galicia e comunidades do norte peninsular.

Fóra disto, os medios reais que maior uso ou peso teñen como medio de coñecemento do espazo son Internet –así o manifesta o 15% do total- e as reportaxes ou noticias a través da TV –opción sinalada por un 10% dos visitantes-.

O visitante estranxeiro sinala tamén neste amplo elenco de opcións as guías e folletos turísticos.

Medios de coñecemento

43,0%

Recomendación
Familiares/Amigos

24,4%

• Coñezo o espazo “de toda a vida”

14,7%

• A través de Internet

10,0%

• TV

7,9%

• Outros

PLANIFICACIÓN DA VISITA


Este aspecto concreto está moi relacionado coa organización da visita ao espazo natural.

Un 77% dos visitantes sinala que planificou a visita ao espazo natural, con diferente antelación. No lado contrario soamente o 23% apunta que non programou a visita, porcentaxe que ascende ao 40% no caso dos residentes en Galicia.

Nunha análise máis extensa obsérvase que o 35% planificou a visita nos días previos á mesma, na última semana, mentres que o 31% fíxoo no último mes. Un 10,5% sinala que programou a visita con máis dun mes de antelación.

Esta variable está tamén relacionada co lugar de residencia e co período do ano no que se realiza a visita. Así, os españois residentes fóra de Galicia e estranxeiros que visitan o espazo no verán tenden a programar con maior antelación a visita –máis dun mes neste caso-. Os galegos, en cambio, presentan un nivel de planificación menor e en todo caso máis axustada aos días previos á visita.

Planificou a súa visita ao espazo natural?



■ Planificou recentemente ■ Planificou último mes ■ Planificou máis dun mes ■ Non planificou ■ NS/NC

PLANIFICACIÓN DA VISITA

Aqueles que planificaron a súa visita con anterioridade á mesma procuraron información a través de diferentes medios. Así o manifesta o 86% do total de visitantes que programaron a viaxe. Un 14% sinala en cambio que non consultou ningunha información con carácter previo.

Dos medios consultados destaca por encima de todos o uso de Internet –así o sinala o 64% dos visitantes que programaron visita-.

Na consulta a través de Internet maniféstanse varias opcións entre as que destacan a web de Turismo de Galicia –cun 55% dos casos-. O uso de diferentes páxinas web sen destacar unha en concreto é a opción sinalada por un 42% dos visitantes. Un 17% apunta que consultou especificamente a web do Concello de Ribadeo.

Fóra de internet o medio máis consultado para a procura de información son as guías e os folletos turísticos –así o fixo o 9,2% dos visitantes que planificaron a súa visita ao espazo natural-.

Consulta información

54,8%

- Internet: web Turismo Galicia

42,2%

- Internet: “Outras webs”

16,9%

- Internet: web Concello Ribadeo

13,8%

- Ningún

9,2%

- Guías / Folletos turísticos


COMPAÑÍA DA VIAXE

En relación coa compañía da viaxe obsérvase que a maior parte dos visitantes chega ao espazo ben en compañía da súa parella –así o manifesta o 38% do total- ou ben coa familia –opción sinalada por un 43% dos visitantes-. A visita en familia realízase na maior parte dos casos con nenos/as –o 32,4% do total- quedando un 10,5% dos visitantes consultados en visita coa familia sen a compañía de nenos/as.

Un 14% dos visitantes sinala que visita o espazo en compañía de amigos/as, quedando como opcións residuais a visita en solitario ou en grupo organizado, entre outras.

O tamaño medio da familia con nenos/as é neste caso de catro membros.

Compañía da viaxe



■ Só

■ Con amigos/as

■ En parella

■ En grupo organizado

■ Coa Familia (con nenos)

■ Outros

■ Coa Familia (sen nenos)

COMPAÑÍA DA VIAXE

A compañía da viaxe en función da procedencia do visitante non amosa grandes diferenzas en canto aos segmentos de maior peso aínda que si se aprecia variabilidade nas porcentaxes.

O visitante residente en Galicia presenta un perfil máis variado sendo case equivalente a porcentaxe dos que visitan o espazo en compañía da parella e os que o fan coa familia (con nenos/as) –un 31% en ambos casos-. Un 21% sinala a opción da visita con amigos.

O visitante que vén de fóra de Galicia visita o espazo principalmente coa parella –un 40,2% aquel que procede do conxunto do Estado e un 38,4% o estranxeiro-. A segunda opción en ambos casos é a visita coa familia incluíndo nenos/as dentro do grupo –así o manifesta un terzo dos españois residentes fóra da nosa comunidade e un 22% dos estranxeiros-.

Galicia

31,3% Familia (con nenos)

31,2% En parella

21,3% Con amigos/as

Resto España

40,2% En parella

33,3% Familia (con nenos)

11,9% Con amigos/as

Estranxeiro

38,4% En parella


22,1% Familia (con nenos)

20,3% Con amigos/as

MEDIO DE TRANSPORTE

O vehículo privado é, con diferenza, o principal medio de transporte utilizado para acercarse ao espazo natural e visitar a praia das Catedrais. Así o manifesta o 91% do total de visitantes. Isto ten consecuencias claras na xestión dos accesos e dos aparcamentos. De feito boa parte dos problemas de saturación veñen precisamente pola afluencia de vehículos e a xestión do espazo para o aparcamento. Outras alternativas de menor peso, case irrelevantes, son a visita en autobús dentro dun grupo organizado –o 2,4%– ou a autocaravana –opción sinalada por un 2,2% dos visitantes–.

Medio de transporte de acceso ás Catedrais




DURACIÓN DA VISITA

Máis da metade dos visitantes –o 53% en particular- chega ao espazo antes das 12 da mañá. Esta porcentaxe ascende ao 68% se tomamos como referencia as 13:00 horas. Obsérvase, por tanto, certa concentración de visitantes nun tramo horario curto e de mañá.

O 60% dos entrevistados visita o espazo nun tempo máximo de dúas horas. O 40%, en cambio, fica no espazo máis de dúas horas, cifra que engloba a aqueles que permanecen máis de catro horas –o 13% do total-.

A duración media da visita ao espazo natural sitúase en dúas horas.

Duración da visita ao espazo natural




DURACIÓN DA VISITA

A duración da visita ao espazo natural difire en función da época do ano en que se realice, sendo a grandes trazos menor en temporada baixa e maior en temporada alta.

En Semana Santa, por exemplo, un 80% dos visitantes permanece no espazo nun tempo máximo de dúas horas, porcentaxe que baixa ao 60% en temporada media e ao 51% no verán. Xustamente no período estival aproximadamente a metade dos visitantes fica no espazo máis de dúas horas –dos cales un 27% máis de tres horas-.

En función da compañía da viaxe non se aprecian moitas diferenzas agás no caso da visita coa familia e con nenos cuxa duración é maior á media –case a metade fican no espazo máis de dúas horas e teñen unha duración media de pouco máis de tres horas-.


Duración da visita ao espazo natural, segundo a temporada




ACTIVIDADES REALIZADAS

A visita ao espazo natural ten un comportamento moi estandarizado no que atinxe ás actividades realizadas. A maioría dos visitantes consegue baixar e pasear pola praia –o 86% dos mesmos- e visitar os arcos –así o manifesta o 72% neste caso-. Aproveitan tamén para tomar fotografías do entorno –o 86%- e para andar e pasear polo conxunto do espazo a través dos sendeiros acondicionados para o mesmo –o 72% neste caso-. Máis alá do anterior unha porcentaxe menor dos visitantes amplía a visita con outras “actividades”: tomar consumición no bar/restaurante –o 18,5%- , consultar información na oficina de turismo –o 17,9%- ou comer no merendeiro acondicionado dentro do propio espazo –o 11,3%-. Estas dúas últimas opcións son máis propias da temporada media e sobre todo da alta –no verán, cos días máis longos e o bo tempo, incrementanse as porcentaxes de cada un dos ítems sinalados-.

Actividades realizadas durante a visita



ESQUEMA DE ANÁLISE




PERFIL DA VISITA

Nunha primeira aproximación ás características da viaxe obsérvase que a maior parte dos visitantes consultados incorporan a visita ás Catedrais dentro dunha viaxe máis extensa por outros lugares –así o manifesta máis do 80% dos mesmos-. Nesta viaxe máis longa un 23% considera que a visita ás Catedrais é o motivo principal da mesma mentres que o 59% afirma que a visita ao espazo natural forma parte dun elenco máis amplo e variado sen destacar un en concreto.

Nesta viaxe un 81% visita outros lugares de Galicia –moitos dos cales localízanse na propia Mariña Lucense- e un 36,5% sinala que visita tamén outros lugares de Asturias. Pola localización xeográfica do espazo natural Asturias é tamén un destino referente á hora de analizar as características da viaxe. Un 18% dos visitantes afirma que coñecer As Catedrais é o único motivo e lugar de visita da viaxe. Encaixa este perfil coa excursión que se realiza principalmente desde o domicilio habitual.

Perfil da visita ao espazo natural



- Coñecer "As Catedrais" é o único motivo e lugar de visita da viaxe
- Coñecer "As Catedrais" é o motivo principal da viaxe mais visito outros lugares
- Coñecer "As Catedrais" forma parte dunha viaxe máis extensa

80,9%

Visita outros lugares de Galicia


36,5%

Visita outros lugares de Asturias

PERFIL DA VISITA

Xustamente o segmento que sinala ás Catedrais como único motivo e lugar de visita da viaxe encaixa cun perfil de viaxeiro residente no entorno do espazo, ben sexa Galicia ou Asturias –no caso de residir fóra da nosa comunidade-. Os españois residentes fóra de Galicia e os estranxeiros encaixan a visita ás Catedrais nunha viaxe máis longa, compartindo protagonismo con outros atractivos turísticos , é dicir, coñecer as Catedrais forma parte dunha viaxe máis extensa.

Perfil da visita ao espazo natural, segundo a procedencia



CONTEXTO DA VISITA


O contexto da viaxe na que se contempla a visita ás Catedrais é relativamente variado. Un 18% dos entrevistados realiza unha visita dun só día desde o domicilio habitual, isto é, a visita ás Catedrais é unha excursión desde o seu lugar de residencia –segmento que encaixa co observado no apartado anterior-.

A maior parte dos entrevistados –o 57% en particular- insire a visita ás Catedrais nunha viaxe vacacional ou de ocio máis extensa, ben pola zona –o 27,6%- ou ben polo resto de Galicia –o 29,7% neste caso-.

Un 18% afirma en cambio que está de viaxe por fóra de Galicia, ben en Asturias –o 10,8%- ou ben polo norte de España –o 7,0% neste caso- e achégase puntualmente a coñecer o espazo natural.

O atractivo turístico das Catedrais transcende, por tanto, o ámbito territorial da nosa comunidade e forma parte tamén das viaxes turísticas que se realizan polo norte de España en xeral e por Asturias en particular.

Contexto no que realiza a visita ao espazo natural



CONTEXTO DA VISITA

Galicia

56,8%

• Visita dun só día desde o domicilio habitual

24,4%

• Estou de vacacións/ocio pola zona

7,5%

• Estou nunha viaxe de vacacións/ocio por Galicia

4,4%

• Estou nunha viaxe por Asturias

Resto de España

36,4%

• Estou nunha viaxe de vacacións/ocio por Galicia

29,0%

• Estou de vacacións/ocio pola zona

13,1%

• Estou nunha viaxe por Asturias

8,3%


• Estou nunha viaxe polo norte de España

PERFIL DA VIAXE


O tipo de viaxe no que se insire a visita ás Catedrais difire en función dos casos. Neste sentido aprécianse dous segmentos: aquel que ten un lugar de aloxamento fixo desde o que realiza a visita, isto é, a noite anterior e a seguinte pásanse no mesmo lugar –o 58% dos visitantes sinalan esta opción- e aqueles que están en ruta, é dicir, a visita ás Catedrais insírese nunha viaxe dun lugar a outro diferente –esta alternativa é a elixida por un 40% dos visitantes-.

Aínda que as diferenzas non son moi significativas si se aprecia que o visitante residente en Galicia opta maiormente por unha viaxe en ruta –o 36% ten un aloxamento fixo- mentres que o visitante de fóra da comunidade presenta un perfil algo diferente, cun aloxamento fixo cando menos nas dúas noites de referencia.

Perfil da viaxe na que se insire a visita ás Catedrais



Perfil da viaxe, segundo a procedencia




PERFIL DA VIAXE

Aqueles que teñen un aloxamento “base” desde o que realizan a visita ás Catedrais fixan o mesmo en diferentes lugares. Boa parte dos mesmos, o 47% en particular, son turistas aloxados na Mariña Lucense que cando menos pasan dúas noites neste destino. Esta porcentaxe engloba aos que se aloxan en Ribadeo -18,5%-, en Barreiros -8,0%- e no resto do destino, preferentemente nas localidades de Viveiro ou Foz –o 20,7% neste caso-.

Un 24,7% son turistas de Galicia aloxados fóra da Mariña Lucense mentres que un 26,5% son en realidade turistas de Asturias, é dicir, están aloxados na comunidade veciña e realizan unha visita de día ao espazo natural.

Confírmase, por tanto, que a visita ás Catedrais forma parte dos atractivos turísticos de Galicia mais tamén de parte de Asturias, obviamente pola súa proximidade.


Zona onde se aloxa (cun perfil FIXO)



PERFIL DA VIAXE

Desde unha óptica diferente obsérvase para aqueles que teñen un aloxamento “fixo” nesta viaxe que optan principalmente por modalidades de aloxamento colectivo ou regrado –así o manifestan tres de cada catro turistas dentro deste segmento-. O hotel é con diferenza a tipoloxía máis utilizada, cun 41,5% do total. Un 15% opta por aloxamentos de turismo rural e un 13% por apartamentos turísticos. Un 25%, en cambio, prefire aloxarse nalgunha modalidade non regrada ou privada, destacando neste caso o uso da casa de familiares ou amigos –cun 15% dos casos-. O 6% opta pola segunda residencia. Sendo igualmente minoritario si se observa que o uso de modalidades de aloxamento non regrado incrementábase nos períodos propiamente vacacionais como a Semana Santa ou o verán. En temporada media apenas teñen un peso significativo.

Tipo de aloxamento utilizado (cun perfil FIXO)



REGRADO

- 41,5%_Hotel
- 15,3%_Turismo Rural
- 13,2%_Apartamentos Turísticos


NON REGRADO

- 15,3%_Casa Familiares/Amigos
- 6,0%_Segunda residencia

PERFIL DA VIAXE

Aqueles que fixan o aloxamento na Mariña Lucense un mínimo de dúas noites –a anterior e a posterior do día da visita- optan igualmente por modalidades de aloxamento regrado na súa maior parte –en particular, o 74% do total-. Tamén neste caso é o hotel a tipoloxía de maior uso ou preferencia –é a opción sinalada por un 40% do total deste segmento-. Un 14% elixe establecementos de turismo rural, cifra similar á que opta por apartamentos turísticos. O 26% pasa as noites en aloxamento non regrado, preferentemente a casa de familiares ou amigos –o 13%- ou a segunda residencia –o 8% neste caso-.

Tipo de aloxamento utilizado na MARIÑA LUCENSE (cun perfil FIXO)



■ Regrado

■ Non Regrado

REGRADO

40,2%_Hotel

14,1%_Turismo Rural


13,7%_Apartamentos Turísticos

NON REGRADO

13,3%_Casa Familiares/Amigos


8,0%_Segunda residencia

PERFIL DA VIAXE



- Nunha análise máis global e completa, e tendo en conta o conxunto de variables relacionadas coas características da viaxe, obsérvase que un 82% dos visitantes achéganse ás Catedrais no contexto dunha viaxe máis longa. Significa isto que cando menos pasan unha noite fóra do seu domicilio habitual.
- O 18% sinala, en cambio, que a visita é dun só día desde o seu domicilio habitual. Realiza, por tanto, unha excursión.
- Daqueles que pasan polo menos unha noite fóra da casa, o 47% faino con aloxamento “fixo”, isto é, teñen un aloxamento base a partir do cal realizan diferentes visitas, entre elas a das Catedrais. O 22% fixa o aloxamento na propia Mariña Lucense mentres que o 25% faino fóra da zona –un 11,7% noutros lugares de Galicia e un 12,5% en Asturias-.
- Un terzo dos visitantes, en cambio, visita as Catedrais nunha viaxe en ruta, é dicir, aproveitando o desprazamento entre dous lugares. O 16% fica unha noite na Mariña Lucense mentres que outro 16% pasa as noites fóra da Mariña Lucense, é dicir, son tamén excursionistas neste destino.
- En consecuencia, e observando os datos desde unha óptica diferente, conclúese que un 39% do total de visitantes das Catedrais pasa polo menos unha noite na Mariña Lucense. Similar porcentaxe –o 41% neste caso- non dorme na Mariña Lucense ben sexa porque ten un aloxamento “fixo” noutros lugares de Galicia ou en Asturias ou ben porque está “en ruta” facendo noite fóra da zona.

PERFIL DA VIAXE



- Desde o punto de vista do tipo de aloxamento utilizado obsérvase que:
 - Boa parte dos que fixan un aloxamento a partir do cal realizan visitas turísticas puntuais optan principalmente por algunha modalidade colectiva ou regrada –así o manifesta o 36% do total dos visitantes-. O hotel é singularmente a alternativa de maior uso
 - Un 12%, en cambio, elixe como “base” un aloxamento privado
 - Daqueles que realizan a visita en ruta –o 33% do total-, a visita á praia das Catedrais insírese en diferentes etapas da propia viaxe: o 14% encaixa a visita ben ao principio ou ben ao final da viaxe, isto é, con inicio ou fin no seu domicilio habitual mentres que un 18% realiza a visita no medio da viaxe, nunha etapa intermedia, utilizando diferentes modalidades de aloxamento na noite anterior e na seguinte.
- Conclúese, por tanto, que a tipoloxía de viaxe na que se insire a visita ás Catedrais é diversa convivendo diferentes perfíles:
 - Excursionistas que fan visita de día desde o seu domicilio habitual
 - Turistas da Mariña Lucense
 - Turistas do resto de Galicia ou mesmo de Asturias que fan visita puntual ás Catedrais desde o seu lugar de aloxamento
 - Visitantes que están en ruta –ida ou volta da viaxe- e paran a facer unha visita ás Catedrais no camiño


DURACIÓN DA VIAXE

A duración da estadia na Mariña Lucense daqueles que pasan como mínimo unha noite na zona é variable, atopando neste sentido perfís moi diferentes. Unha cuarta parte dos turistas pasan unha noite na Mariña Lucense –ben a anterior ou ben a posterior- mentres que o 75% restante pasa máis dunha noite, cunha distribución ampla: un 24% pasa dúas noites, un 17% pasa tres noites, un 16% pasa entre catro e cinco noites mentres que un 19% pasa máis de cinco noites.

En síntese, case a metade dos visitantes que fan noite na Mariña Lucense –segmento que como se viu supón o 39% do total- fica entre unha e dúas noites, é dicir, a visita ás Catedrais foi un factor determinante para xerar este volume de noites no destino. A outra metade fica máis de dúas noites, segmento que na súa maior parte correspóndese con turistas do verán que pasan as vacacións na zona con motivos diferentes entre os que se atopa a propia visita á praia das Catedrais.

A estadia media na Mariña Lucense do visitante que fai noite no destino é de 3,1 noites.

Distribución do número de noites na zona daqueles que dormen na Mariña Lucense




Estadia media
Mariña Lucense

3,1
noites


DURACIÓN DA VIAXE

A estadia media na Mariña Lucense varía en función da zona ou concello de referencia así como no período do ano no que se realiza a viaxe. Tendo en conta o concello de referencia obsérvase que a estadia media baixa a 2,6 noites para o turista que se aloxa en Ribadeo, sobe a 3,5 noites para Barreiros e mantense en 3,1 noites para o resto do destino. Estas diferenzas están asociadas máis ben ao tipo de aloxamento predominante en cada lugar. En Ribadeo, por exemplo, é maioritario o uso do hotel mentres que en Barreiros o perfil é máis variado cun uso tamén importante de apartamentos turísticos, segunda residencia ou casa de familiares/amigos. En función da temporada a estadia media é maior no verán –cunha media de 3,6 noites- e menor en Semana Santa –período no que de media os turistas fican 2,6 noites-.

Estadia media na Mariña Lucense, por zonas



Estadia media na Mariña Lucense, global e por temporada



DURACIÓN DA VIAXE


O 76% dos visitantes que pasan algunha noite fóra do seu domicilio habitual afirma pasar cando menos unha delas en Galicia. Unha cuarta parte, por tanto, dorme fóra da nosa comunidade.

A duración da viaxe en Galicia é variada mais boa parte dos turistas –o 49% en particular- fica entre catro e sete noites. Unha cuarta parte pernocta entre dúas e tres noites. Nos extremos atopamos, por unha banda, un 8% que fica unha soa noite e, por outra banda, un 18% que fica máis de sete noites.


O turista que dorme en Galicia fica de media 5,3 noites na nosa comunidade, cifra que varía sensiblemente en función da temporada. Sitúase en 3,5 noites de media en Semana Santa, en 5,1 noites na temporada media e en 6,3 noites no verán.

A media global vén moi condicionada, por tanto, polos valores que se rexistran no período estival.


Duración da viaxe en Galicia



Estadía media en Galicia, global e por temporada



ESQUEMA DE ANÁLISE




GASTO REALIZADO

Neste apartado analízase unha das variables máis importantes na caracterización do comportamento do visitante: o gasto realizado. Neste caso particular as cifras de gasto están referidas ao día da visita independentemente do contexto no que se realiza a mesma.


En termos globais, o gasto medio do visitante das Catedrais é de 44,1 euros, cifra que presenta certas variacións en función do perfil considerado. En concreto, tendo en conta a procedencia, obsérvase que o gasto medio do residente en Galicia –de 31,4 euros- é menor a aquel que realiza o que provén de fóra da nosa comunidade –os españois de fóra de Galicia gastan de media 48,5 euros, a cifra máis alta, mentres que o estranxeiro fica cunha media de 37,8 euros-. Estas diferenzas están moi asociadas ao tipo de viaxe e á modalidade de aloxamento utilizada principalmente por cada un dos segmentos considerados.

En función do período do ano as cifras de gasto varían levemente. En particular, o gasto medio é superior en temporada media –con 46,8 euros- fronte ao verán –con 44,9 euros- e á Semana Santa –período cunha cifra máis baixa, de 41,1 euros-. As diferenzas neste caso non son moi elevadas.


Gasto Medio Diario do visitante. Global e por procedencia



Gasto Medio Diario do visitante. Global e por temporada



GASTO REALIZADO



GASTO REALIZADO

- Desde o punto de vista do contexto da visita e da modalidade de aloxamento utilizado obsérvase diferenzas no nivel de gasto.
- Como parece razoable, o gasto medio no día da visita é menor para aquelas persoas que realizan unha excursión desde o seu domicilio habitual fronte a aqueles que pasan polo menos unha noite fóra da casa, isto é, aqueles que visitan as Catedrais no contexto dunha viaxe máis longa. O gasto medio dos primeiros fica en 26,8 euros mentres que o dos segundos sitúase en 48,3 euros. Boa parte desta diferenza débese ao gasto en aloxamento.
- O feito de situar a visita ás Catedrais desde un aloxamento fixo ou nunha viaxe en ruta non parece incidir demasiado no nivel de gasto. Sitúase en 46,9 euros no primeiro caso e en 50,0 euros no segundo. Quizais esta pequena diferenza poida residir no gasto en transporte –teoricamente superior no segundo caso ao contar cun desprazamento máis longo, entre dous puntos distantes, que en moitos casos resulta ser a viaxe de ida ou de regreso cara o domicilio habitual-.
- A diferenza substancial vén dada polo tipo de aloxamento utilizado. Tendo en conta só o segmento con “aloxamento fixo” obsérvase que o gasto medio no día da visita é superior para aqueles que optan por modalidades colectivas ou regradas –con 52,3 euros no día da visita- fronte a aqueles que prefiren algunha modalidade privada ou non regrada –con 31,1 euros neste caso-.
- Estas diferenzas non se aprecian, sen embargo, no segundo caso –visita nun contexto de viaxe en ruta-.


GASTO REALIZADO

No caso concreto daqueles visitantes que fican polo menos unha noite na Mariña Lucense independentemente do contexto da viaxe –tanto se teñen un aloxamento fixo como se están en ruta- obsérvase que o gasto medio no día da visita é levemente superior á media –con 49,7 euros-. Esta cifra importante presenta tamén diferenzas en función do tipo de aloxamento utilizado. Tendo en conta as principais modalidades consideradas obsérvase que o gasto é máis elevado para aqueles que optan polo hotel, con 60,8 euros por persoa. Sitúase en 52,1 euros para os que elixen establecementos de turismo rural e en 42,5 euros para os que prefiren o apartamento turístico. O segmento que, en cambio, opta por aloxarse en modalidades non regradas ten un gasto medio inferior: de 34,2 euros os que elixen a segunda residencia e de 36,6 euros os que se aloxan na casa de familiares e/ou amigos.

GMD con noite
na Mariña
Lucense

49,7 €

GMD dos que pasan mínimo unha noite na Mariña Lucense, segundo as principais tipoloxías de aloxamento



GASTO REALIZADO

O gasto no aloxamento é unha compoñente importante da cifra total pois como se aprecia ten diferenzas notables segundo a modalidade utilizada. Sen embargo, na estrutura global do gasto comparte protagonismo con outros conceptos. En particular, o gasto realizado no día da visita ás Catedrais destínase basicamente a tres conceptos: o transporte –o 22,7% do total-, o aloxamento –o 32,7%- e a restauración –o 36,6% neste caso-. Estes tres ítems absorben máis do 90% do total. De forma residual destínase parte do gasto a compras –o 6,4%- e a outros conceptos do ámbito do lecer –o 1,6% neste caso-.

Nesta estrutura o gasto no transporte ten un peso importante por canto se refire ao día da visita e inclúe a moitos visitantes que se desprazan ben desde o seu domicilio habitual ou ben dun punto a outro dentro dunha viaxe máis extensa por Galicia ou o norte de España. Se realizamos a análise só para os visitantes que pasan a noite en Galicia con aloxamento “fixo” –perfil asimilable ao “turista da nosa comunidade”, obsérvase que a estrutura de gasto cambia lixeiramente diminuíndo o peso do transporte –co 16,4% do gasto total-, e incrementándose levemente nas restantes partidas –agás en restauración, que se mantén estable-.

Estrutura do gasto por conceptos.

ANÁLISE GLOBAL

Global

22,7%_Transporte
32,7%_Aloxamento
36,6%_Restauración
6,4%_Compras
1,6%_Lecer


Estrutura do gasto por conceptos.

TURISTA QUE PASA A NOITE EN GALICIA

Turista Galicia

16,4%_Transporte
36,3%_Aloxamento
36,6%_Restauración
8,3%_Compras
2,4%_Lecer

ESQUEMA DE ANÁLISE




En termos xerais o grao de satisfacción da visita á praia das Catedrais e o seu contorno é moi elevado. A practica totalidade dos visitantes viron cumpridas as súas expectativas iniciais en diferentes niveis: o 36% bastante e o 61% moito. Apenas un 3% sinala que se cumpriron en menor grao.

Tal circunstancia é transversal a todos os perfís de demanda e en todos os períodos considerados. Os niveis de satisfacción neste sentido son semellantes e elevados tanto en Semana como en temporada media e no verán así como para os residentes en Galicia e os que proveñen de fóra da nosa comunidade.

A valoración media da visita é de 4,6 (nunha escala de 1 a 5). Esta cifra é practicamente equivalente en todos os segmentos de demanda analizados. O nivel de satisfacción é, por tanto, elevado en todas as circunstancias.

En que medida se cumpriron as expectativas iniciais?



■ Nada ■ Pouco ■ Bastante ■ Moito

Valoración
media da visita

4,6

Aspectos mellor valorados

38,8%

PAISAXE - CONTORNO

O conxunto do espazo natural

Elementos físicos destacados: a praia, os acantilados, os arcos, as grutas,...

Valoracións da paisaxe: beleza, encanto, singularidade,...

17,1%

LIMPEZA - CONSERVACIÓN

A limpeza do contorno

Espazo ben coidado e conservado

Espazo acondicionado para a visita: roteiros, pasarelas, merendeiro,...

14,0%

ORGANIZACIÓN - ACCESIBILIDADE

A organización e o control do acceso á praia

Espazo accesible e adaptado

Espazo ben comunicado

12,3%

EQUIPAMENTOS - SERVIZOS

Aparcamientos: proximidade, gratuidade, apto para caravanas,...

Servizos de axuda: socorrismo, protección civil,...

Dotación de baños

Información

Principais problemas detectados

18,1%

Non detecta ningún problema

28,3%

MASIFICACIÓN

Problemas de masificación no contorno do acceso á praia e no espazo
Colas para o acceso ao espazo, no punto de información, nos baños,...
Problemas de deterioro e sobreexplotación do conxunto natural

17,8%

ACCESO Á PRAIA

Dificultades de acceso á praia para maiores ou persoas con mobilidade reducida
Escaleiras pouco accesibles: problemas co último paso
Problemas coa web de reserva para o acceso á praia

15,8%

EQUIPAMENTOS - SERVIZOS


Problemas cos baños: son de pago, horario insuficiente, escasas duchas,...
Prezos da cafetería
Non hai lugares con sombra para esparcemento ou para comer
Poucas opcións para comer no entorno

A maior parte dos visitantes considera positivo establecer medidas de control de acceso á praia das Catedrais –así o manifesta o 72% do total-. Existe, por tanto, concienciación do problema que supón a aglomeración de persoas ao conxunto natural e, dadas as características do espazo –visita limitada aos horarios das mareas con tempos reducidos ao longo do día, acceso en vehículo privado,...- consideran pertinente e aproban establecer límites ao acceso á praia e medidas de control.

Argumentan esta postura na confianza de que isto permite evitar a masificación e distribuír as visitas ao longo do tempo, máis alá dos períodos estritamente vacacionais, conservar o espazo e evitar o seu deterioro desde o punto de vista medioambiental e garantir a seguridade dos visitantes durante a súa estada no contorno natural.

A posición favorable ao establecemento de medidas de control refórzase precisamente nos períodos de maior afluencia. No verán a porcentaxe de visitantes que considera oportuno limitar e controlar o acceso ascende ao 85% mentres que en Semana Santa queda no 47%.

Considera oportuno que se limite o acceso á praia das Catedrais?




■ Si ■ Non ■ Depende ■ NS/NC

Evitar a masificación

Conservar o espazo

Maior seguridade

ESQUEMA DE ANÁLISE




XÉNERO E IDADE


Un primeiro aspecto relacionado co perfil sociodemográfico do visitante ten que ver co xénero e idade. Neste sentido, carece de moita relevancia o factor do xénero por canto se observa un peso moi similar de homes –representan o 48% do total- e mulleres –co 52% neste caso- no conxunto de visitantes ao espazo natural.

No que respecta á idade obsérvase que os segmentos de maior presenza no espazo son os que se sitúan entre 35 e 44 anos –o 26,4% do total- e os que se atopan no intervalo de 45 a 54 anos –tamén o 26,4% neste caso-. No lado contrario os segmentos de menor peso son os menores de 25 anos e os maiores de 65 anos –entorno ao 5% en ambos casos-.

En termos globais a idade media do visitante sitúase en 43 anos, cifra que baixa aos 41 anos para os residentes en Galicia.




Idade dos visitantes, por intervalos




NIVEL DE ESTUDOS

En sintonía cos resultados obtidos noutros estudos semellantes, obsérvase que a maior parte dos visitantes presentan un nivel de formación elevado por canto o 58% afirma posuír estudos superiores. Un terzo sinala que posúe estudos secundarios mentres que tan só o 8% fica cos estudos primarios. O nivel de estudos varía sensiblemente en función da procedencia do visitante. Por exemplo, a cifra dos que presentan estudos superiores sitúase no 49% no caso dos residentes en Galicia, sobe ao 60% para os españois procedentes do resto do Estado e ascende ao 84% no caso dos estranxeiros. Pola contra, a cifra dos que se quedan en estudos primarios é maior no caso dos residentes na nosa comunidade –un 15%– fronte aos outros dous segmentos considerados.

Nivel de estudos dos visitantes



Nivel de estudos, segundo a procedencia




SITUACIÓN PROFESIONAL

Unha última cuestión relacionada co perfil sociodemográfico ten que ver coa situación profesional do visitante. Neste sentido, tal como se observa no gráfico, a maior parte dos mesmos están en alta laboral, isto é, traballando actualmente, ben por conta propia –o 11,2% do total- ou ben por conta allea – segmento maioritario pois representa o 67,6% do total-.

O 21% dos visitantes non traballa nese momento, ben porque está en situación de desemprego –o 8,1%- , porque estuda –o 3,9%- ou porque está xubilado –o 7,0% neste caso-.

En todos os segmentos de demanda considerados obsérvase unha maioría de visitantes con emprego –o 73% no caso dos residentes en Galicia e dos estranxeiros e o 81% no caso dos españois residentes fóra da nosa comunidade-, principalmente por conta allea como asalariado.

Situación profesional do visitante



ANEXO

Análise cluster dos resultados

ANÁLISE CLUSTER

- Como complemento á análise realizada ata agora inclúese a continuación unha visión complementaria desde o punto de vista dos resultados obtidos a través da aplicación doutras técnicas estatísticas. Neste caso, utilizouse a análise Cluster para observar a posible existencia de grupos de visitantes que presenten características homoxéneas entre si e permita clasificar, por tanto, aos visitantes en segmentos diferentes.
- A técnica aplicada ten carácter exploratorio e fundaméntase na clasificación das persoas en grupos o máis homoxéneos posible desde o punto de vista interno, e coa maior disimilitude entre os grupos na dimensións externa, é dicir, que os grupos sexan o máis heteroxéneos posible.
- Cabe ter en conta que a análise cluster é unha técnica descritiva e non inferencial e que non ofrece solucións únicas en tanto que os resultados dependen das variables consideradas e do método de análise cluster empregado.
- Neste caso concreto, logo de estudar varias opcións, optouse por unha solución de 2 grupos ou cluster que recollen diferente proporción da mostra no relativo ao número de casos que se integran en cada un deles pero que ofrecen unha solución óptima en canto a determinadas características do perfil dos visitantes que non se acadan con outras agrupacións.
- A continuación recóllense as características dos dous grupos considerados coas diferenzas nas principais variables incluídas na análise, recollendo en ocasións as porcentaxes representativas das diversas opcións dentro do grupo.

ANÁLISE CLUSTER

Variable	Cluster 1 Concentra o 78,6% dos casos	Cluster 2 Concentra o 21,4% dos casos
Temporada	Verán	Distribución máis heteroxénea ao longo do ano
Residencia	Españois e estranxeiros	Galegos e asturianos
Coñecemento de As Catedrais	Obteñen información por diversas canles	Teñen un coñecemento previo do entorno
Planificación da visita	Planifican a visita con antelación	Planifican pouco ou nada
Compañía da viaxe	Preferentemente visita en parella e familia con nenos	Maior variedade pero destaca con amigos e familia con nenos
Duración da visita	Categorías intermedias (máis dunha hora e menos de catro)	Destacan os extremos (unha hora ou menos, ou máis de catro horas)
Motivación da visita	Patróns clásicos de turista como <i>“Coñecer o espazo natural”</i> ou <i>“Visitar os arcos”</i>	Outros motivos de menor perfil <i>“turístico”</i> : <i>pasar o día, pasear, acompañar,...</i>

ANÁLISE CLUSTER

Variable	Cluster 1 Concentra o 78,6% dos casos	Cluster 2 Concentra o 21,4% dos casos
Perfil da visita	Visita no marco dunha viaxe máis extensa	Representa o único motivo da viaxe
Contexto da visita	Visita no contexto dunha viaxe máis longa, con diferentes motivacións	Visita dun só día
Tipo de viaxe	Aloxamento fixo (58%) ou en ruta (41%)	Visita desde o domicilio habitual
Aloxamento utilizado	Maioría regrado aínda que tamén non regrado	Domicilio habitual
Gasto	Niveis elevados de gasto	Gasto máis uniformemente distribuído entre as diferentes categorías
Idade	Predomina o segmento adulto en idade activa	Composición da mostra máis heteroxénea
Nivel de estudos	Lixeiramente máis alto	Lixeiramente máis baixo